

ACTA DA OITAVA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

Don Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Defensa do Monte
Don Iñaki Bergaretxe Urdanilleta
Subdirector Xeral de Prevención
Don Alberto Piñeiro Tubío
Xefe do Servizo de actuacións preventivas
Dona Lourdes Vilachán Angueira
Subdirectora Xeral de Coordinación Administrativa

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Dona Lucía González Louro
Técnico da Fegamp

POR SEAGA:

Don Pablo Arbones Maciñeira
Director xerente de Seaga
Don Antón Barral Álvarez
Licenciado en Dereito de Seaga

En Santiago de Compostela, as 11:00 horas, do día 24 de xullo de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnense os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimiento do Convenio baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

I.- Lectura da acta da reunión da Comisión de 25 de xuño de 2019 e aprobación da mesma

II.- Aprobación de documentos a incorporar ao manual de procedemento

III.- Aprobación das novas solicitudes de adhesión ao Convenio

IV.- Estudio e Aprobación do detalle da tramitación dos proxectos piloto para as aldeas modelo, incluíndo aqueles casos nos que ao principio do proceso non se atopen promotores.

V.- Análise dos aspectos a ter en consideración na baremación para a priorización das actuacións anuais nos concellos adheridos de acordo cos criterios que establece o Convenio.

VI.- Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- LECTURA DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 25 DE XUÑO DE 2019 E APROBACIÓN DA MESMA

Procédese a aprobar a acta da reunión da Comisión de 25 de xuño de 2019, que foi remitidas xunto coa convocatoria da Orde do Día e a súa firma pola Secretaria e o Presidente.

II.- APROBACIÓN DE DOCUMENTOS A INCORPORAR AO MANUAL DE PROCEDEMENTO

Polo momento non se poden aprobar estes documentos xa que poden sufrir variacións no seu contido coa aprobación da segunda addenda ao Convenio e polo que se comentará nos puntos catro e cinco da Orde do Día. Acórdase polo tanto aprazar ata a próxima xuntanza da Comisión a aprobación dos documentos relacionados cos plans pilotos e a cartelería complementaria ao bando municipal. Comenta o Presidente que nestes carteis deberá quedar clara a distinción entre o que son as distancias derivadas das faixas de xestión de biomasa reguladas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais reguladas pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Recórdase ademais que a Lei 3/2007, do 9 de abril, trala súa derradeira modificación, non establece distancias dentro das faixas de xestión de biomasa para as especies non incluídas na súa disposición adicional terceira, polo que calquera referencia ás especies frondosas deberá aclarar que se refire ás recollidas no Anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño e que o que regula son distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais.

III.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio de 8 Concellos:

Concellos A Coruña (3)
BOIMORTO
SANTIAGO
TORDOIA

Concellos Lugo (1)
PARADELA

Concellos Ourense (4)
ARNOIA
BALTAR
LOBIOS
SAN CRISTOBAL DE CEA

Admítense as solicitudes de adhesión destes Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións individuais informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase cos Concellos adheridos para ir avanzando na elaboración da planificación.

IV.- ESTUDIO E APROBACIÓN DO DETALLE DA TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS PILOTO PARA AS ALDEAS MODELO, INCLUÍNDΟ AQUELES CASOS NOS QUE AO PRINCIPIO DO PROCESO NON SE ATOPEN PROMOTORES

Na aplicación práctica dos proxectos piloto para as aldeas modelo a Comisión de seguimento ten constancia de que, nalgúns iniciativas nas que están traballando os concellos interesados, aínda que hai titulares dispostos a poñer a disposición os seus terreos para a implantación de proxectos agrogandeiros, dase a circunstancia de que, de momento, non se atopan promotores para os devanditos proxectos. Os concellos implicados indican que poderían intermediar na posta a disposición dos terreos a favor do Banco de Terras.

A Comisión plantexa polo tanto que se defina cun maior grado de detalle o procedemento para tramitar os proxectos piloto para as aldeas modelo e propón que o procedemento así desenvolvido se leve á próxima xuntanza para a súa aprobación. Ademais, aqueles aspectos do procedemento que supoñan unha modificación respecto ao xa recollido na primeira addenda do Convenio, trasladaranse á segunda addenda do Convenio que se está a tramitar.

Entre outros aspectos relativos ao procedemento e requisitos dos plans pilotos, alúdese ao seguinte:

As solicitudes terán que ser presentadas a través dos Concellos.

O Concello será quen presente a candidatura do proxecto piloto para a aldea modelo incluíndo un perímetro.

En tódolos casos, a xestión será levada a cabo a través do Banco de Terras. Isto supón un cambio respecto ao indicado na addenda primeira, que o recolle como unha posibilidade.

Modifícaranse as Ha. de actuación mínimas que pasarán a ser 5 ha. A actuación poderá, polo tanto, estenderse a unha superficie de entre 5 e 20 ha, o cal tamén supón un cambio respecto ao recollido na addenda primeira.

Non terán que ser parcelas continuas. Será un perímetro determinado que poderá ter ata un 30% de superficie fóra das faixas secundarias. As actuacións se levarían a cabo tamén nos terreos que situados fóra das faixas ata o límite indicado do 30 % da superficie de actuación. Dentro da faixa se procedería á execución subsidiaria da xestión de biomasa nos terreos de propietarios descoñecidos. (fora da faixa a normativa non permite actuar por vía de execución subsidiaria)

Será suficiente coa participación do 70 % dos titulares, o cal tamén supón un cambio respecto ao recollido na addenda primeira.

Manterase o compromiso mínimo dos 5 anos.

A cantidade máxima a investir nas actuacións incluídas nos proxectos piloto será de 2.500 €/ha, que é a cantidade que resulta da suma da valoración dos custos de levar a cabo a xestión da biomasa durante 3 anos, cun custo estimado de 1.500 €/ha no primeiro ano, 700 €/ha no segundo ano e 300 €/ha no terceiro ano.

O compromiso dos propietarios será poñer a disposición do Banco de Terras por un período mínimo de anos (os que dura o convenio) mentres se busca un promotor.

A intención é que as cesións aos promotores sexan por arrendamento e non por cesións gratuítas. Non obstante, os titulares dos terreos non percibirían o pago do arrendamento mentres non se inicie a actividade por parte dos promotores.

Todo isto deberá ser compatible coa Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras de Galicia.

A Comisión unha vez recibida a solicitude trasladará o proxecto á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que faría o estudio da propiedade e que podería promover novas incorporacións de terras fóra das faixas secundarias.

AGADER declararía a superficie total de actuación como zona de mobilidade de terras en aplicación do artigo 47bis da Lei 6/2011, do 13 de outubro, e os propietarios firmarían con AGADER a dispoñibilidade das terras para buscar promotor.

A xestión da biomasa nos terreos levaríase a cabo con cargo ao Convenio a favor de AGADER durante un período de 3 anos. As actuacións a cargo do Convenio cubrirían un período máximo de 3 anos (salvo que se consiga un promotor).

A axuda ao Promotor consistiría na diferencia entre o máximo da axuda previsto para os proxectos piloto (2.500 € / Ha.) e os costes incorridos polo Convenio na execución das rozas. Así, se no primeiro ano se leva a cabo a roza con cargo ao Convenio, cun custo estimado de 1.500 €/ha, e no segundo ano aparece un promotor, este tería dereito a que se leve unha actuación adicional de 1.000 €/ha para a implantación do proxecto.

Partindo destas consideracións dende o grupo de traballo prepararase un texto para levar a Comisión e para incorporar na próxima Addenda.

V.- ANÁLISIS DOS ASPECTOS A TER EN CONSIDERACIÓN NA BAREMACIÓN PARA A PRIORIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS ANUAIS NOS CONCELLOS ADHERIDOS DE ACORDO COS CRITERIOS QUE ESTABLECE O CONVENIO.

Segundo coa liña establecida na anterior reunión da Comisión, dende a Presidencia propónse a posibilidade de adiantar ao ano en curso a inclusión das parroquias a priorizar no ano seguinte, de acordo cos criterios establecidos no convenio, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria no ano en curso.

Máis que incluír un novo criterio de baremación o que se pretende é adiantar parroquias que serán priorizadas na seguinte anualidade.

Coméntase por parte de SEAGA que a raíz dos traballos de inspección nas zonas das parroquias priorizadas que estean xestionadas correctamente poderán reducirse as Ha. de actuación e reasignalas noutras parroquias.


A través do Convenio as partes asinantes teñen o compromiso de xestionar o 100% das parroquias priorizadas. Isto inclúe a obriga de levar a cabo as execucións subsidiarias, de ser o caso

Este tema abordarase con detemento na reunión da próxima comisión.

VI.- ROGOS E PREGUNTAS

Comentan desde a Secretaria Xeral técnica que segundo a contestación da xerencia do catastro podemos compartir o acceso aos datos de ATRIGA cos Concellos sen que teña a consideración de cesión; e sen que os concellos poidan cedelos en ningún caso a terceiros. Estase traballando na introdución dunha cláusula xenérica de Protección de datos na aplicación, que contemplará, como mínimo, a obriga de confidencialidade e da non cesión dos datos a terceiros.

Aprobaráse unha segunda addenda na que se incluirá a cláusula xenérica de protección de datos indicada no parágrafo anterior, así como as condicións e o procedemento para a aprobación dos proxectos piloto para as aldeas modelo, ademáis das cláusulas relativas ao desenvolvemento do módulo de inspección para a aplicación Xesbio.

Two handwritten signatures in blue ink. The signature on the left is a stylized, looped mark. The signature on the right is more fluid and includes a large, oval-shaped flourish at the end.